

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** SUSPENSIÓN DOS MERCADOS TRADICIONAIS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE AO AIRE LIBRE OU DE VENDA NON SEDENTARIA NA VÍA PÚBLICA (FEIRA OU MERCADILLO) NO CONCELLO DE CARRAL DENDE A DATA (28 DE XANEIRO DE 2021)

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000049

Logo de ver o decreto 8/2021 da Presidencia da Xunta de Galicia, do 26 de xaneiro (publicado no DOG 16-bis, do 26 de xaneiro de 2021), polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.


Logo de ver a evolución negativa da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia expresada no referido decreto e, en particular, a correspondente ao municipio de Carral e, tendo en conta que, segundo a devandita autoridade competente delegada, cómpre a adopción de novas medidas de restrición da mobilidade para controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados, así coma a limitación de aglomeracións de persoas non convivintes en espazos de uso público e privado.

Tendo en conta que o interese prioritario desta Alcaldía (sen prexuízo do indicado na orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia) é a saúde da veciñanza de Carral e contribuir, no que estea dentro das competencias municipais, á adopción de medidas que eviten a propagación da doenza e contribúan á súa contención, até que mellore a situación epidemilóxica.

Sendo por tanto necesario que o Concello de Carral adopte no seu territorio as medidas que, dentro do seu ámbito de competencias, contribúan no devandito senso e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en especial a súa letra m)),

## **RESOLVO**

- 1.-Suspende, até novo aviso, a realización dos mercados tradicionais que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública (feira ou mercadillo), dende a data ( de xeito que o previsto para o domingo 31 de xaneiro de 2021 xa non se realizará).
- 2.- Este decreto entrará en vigor dende a súa emisión e manterá a súa vixencia até novo aviso, en función das directrices que emitan as autoridades sanitarias e demais competentes segundo a evolución da situación.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**3.-** Comunicar este decreto aos departamentos municipais de Sanidade e Comercio, e publicalo na páxina web do Concello de Carral, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e difundilo entre a poboación do municipio.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval